



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA DEZ DE XUÑO DE DOUS MIL QUINCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas do día dez de xuño de dous mil quince, reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan Ramos Prieto ,José Esmorís Aldao, Faustino Cebreiro Paz, Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago,R Non asistiu María José López Lamigueiro,Jairo Orjales Sande ,Rocío Martínez Martínez , baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

**1.- Aprobación , se procede das actas dos plenos reunidos os días 28.04.2015 e 18.05.2015 .** As actas foron aprobadas por unanimidade dos presentes , solicitando o concelleiro Benigno Galego Castro que no punto de rogos e preguntas da acta do día 28.04.2015 se aclare que se refería ao falar de traballador municipal , a un traballador que vive no Concello e non a un traballador municipal que traballa para o concello .

Antes de levantar a sesión a **Alcaldesa** toma a palabra para manifestar que quere facer costa que nestes anos sentínome orgullosa de ser alcaldesa do Concello de Cerdido, sen alardes e sen prometer o que non puidera facer, que sólo me motivou facer o mellor en ben dos veciños, con adicación , humildade e honestidade. Estamos a metade do exercicio e o Concello non ten débeda algunha e conta cun remanente positivo de 91.393,00 € para o próximo goberno .Que conste tamén o meu agradecemento a todos os traballadores do Concello , os funcionarios e tamén os laborais , polo seu traballo e colaboración durante estes anos nos que estivemos xuntos . O que será o próximo alcalde, chameino dende o fixo e xa puiden felicitalo , pero reitero aquí a miña felicitación e espero que , como dixeron , o Concello mellore notablemente .

E , non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión , sendo as doce horas e cinco minutos do día dez de xuño de 2015. Do que eu como secretaria dou fe :

A alcaldesa

A secretaria

Ana Rodríguez Montero

Paula Díaz Tie